

O recanto

## Unha poeta das Sindicais

Victorino Pérez Prieto

"Queda o meu niño baleiro/ que tortura para os meus males/ vaime matando esta anguria/ vou morrer de soedade./ Apágase a miña vida/ das bágoas que vou botando/ por este martirio lento / teño o corazón rachado".

Estes versos de sabor existencialista e resonancias rosalianas non saíron da pluma dunha egrexia escritora, ou unha profesora estudiada... Son versos populares escritos por unha muller do meu barrio das Sindicais de Catabois, que, como ela di humildemente pero orgullosa da súa historia persoal, non pasou do graduado escolar. Teresa insiste en que son versos sinxelos, sen pretensión, pero un non pode deixar de recoñecer neles o valor literario e humano.


Fun ver a Teresá (Mª Teresa Pérez Lu-

dín) xunto con outra veciña do barrio, Carme Sandá, uns días despois de enterarmos á súa filla Belén. Belén era unha muller nova á que Teresa estaba unida como amiga ademais de filla, e coa que compartía a diario vida e inquedanzas, ademais do agarimo fidelísimo da súa neta e filla desta, Alba; ambas, mulleres sensíbles e críticas ante a realidade cotiá, tiñan moito que compartir. A raíz do bautizo e a primeira comunión de Alba, tivera ocasión de dialogar con Belén sobre cousas da vida e da relixión, as súas preguntas, os seus puntos de vista alternativos...

Teresa estaba desolada. Falamos, e leume este poema de expresivo título: "Angurias", no que outros versos seguen abundando no fondo sentimento de deso-

lación que vive a poeta: "Soia estou nos meus quebrantos... Teño o meu corazón lañado... Son un despoxo ignorado... Que a morte se chegue a min" Pregunteille se escribira o poema a raíz da morte da filla, pero díxome, que, aínda que agora se sentía tamén así, era un poema anterior que expresaba unha situación de desacougo na que vivira anteriormente.

Xa sabía do espírito inqueda e crítico de Teresa e da súa vena poética, pero non coñecía os seus versos. A sorpresa foi gratísima. Pedínlle os seus poemas, e hai uns días veu verme a casa, coa súa tamén inqueda netiña, poñendo nas miñas mans un bo feixe deles, que Belén lle fora pasando ao ordenador con moita elegancia e unha inusual corrección no galego: "Galiza ameigada", "O xitaniño", "A cale-



xa", "Muller loitadora"... e outro expresivo: "A un ser querido", na que a poeta sente tamén o "cravo" de Rosalía cravado no seu peito. Vese que Ferrol é cidade de poetas, e estes xorden en calquera recanto.

vitope@planafa.es